

# Creando empresas saudables



FICHAS INFORMATIVAS

## Creación dunha contorna saudable de traballo

Partindo da situación actual atopámonos con que os accidentes e as baixas por incapacidade temporal (absentismo) aumentaron considerablemente nos últimos anos. Isto fai que diminúa a capacidade das nosas empresas para xerar produtos e servizos e por tanto diminúe a produtividade das mesmas. A riqueza dunha empresa depende da saúde dos seus traballadores, para iso é vital mellorar:

### Problema: Repartición de tarefas I

#### Causas:

1. Non planificar adecuadamente a repartición de tarefas.
2. Definición defectuosa ou incorrecta de procesos, recursos e medios para empregar.
3. Non incluír as rotacións de equipos de traballo nas reparticións de tarefas.

#### Consecuencias:

1. Aparición de traballos sen facer por falta de axentes para realizalo.
2. Procura de culpables que estigmatizan moitas veces a quen non o realizou porque o descoñecía.
3. Condutas evasivas á hora de realizar un traballo conflictivo ou pouco explícito.
4. Desmotivación por parte dos traballadores ao non sentirse suficientemente valorados.

#### Medidas aplicables para conseguir unha contorna saudable:

1. Planificar antes de comezar unha nova actividade todos os procesos que interveñen nela e facerse consciente dos medios para empregar.
2. Repartir adecuadamente, de acordo ás capacidades e carga de traballo actual, as novas encomendas.
3. Comunicar de forma clara e explícita os traballos para realizar, os responsables dos mesmos e os prazos para a súa conclusión.
4. Avaliación periódica e seguimento dos traballos por parte do equipo directivo e entre estes e os mandos intermedios.